Exercicios de apoio

Exercicios de realización libre. Coa realización destes exercicios preténdese que sexas ti mesmo/a quen esquematices ou resumas coas túas propias palabras os contidos de cada aspecto teórico. Por isto, podes elaborar unha táboa de modo que representes mellor cada concepto complexo da unidade. Ademais, estes exercicios tamén tratan de facerche ver a utilidade dos recursos esquemáticos e sintéticos para concentrar a información, e o interese que posúen como método de estudo e recuperación da información. De todas as maneiras, sempre se dá unha solución ou, polo menos, un modelo para orientarte.

1.- Busca información e redacta dez liñas sobre as etapas históricas da literatura galega

2.- Busca información e redacta dez liñas sobre o nacemento das linguas románicas e os primeiros documentos escritos en galego.

3.- Busca información e dá unha definición correcta de *trobador*.

4.- Busca información e redacta dez liñas sobre a nosa produción lírica medieval.

5.- Busca información e define dunha forma precisa *segrel* e *menestrel*.

6.- Busca información nos teus apuntamentos, libro, internet ou enciclopedia e fala das estrofas medievais.

7.- Busca información e indica os aspectos formais da cantiga de amor.

8.- Utiliza as túas fontes e escribe cinco liñas da louvanza da dama e a coita de amor.

Solución:

1.

A literatura é un produto cultural e social que está directamente relacionado coa época na que se produce. Non podemos comprender o feito literario se non temos tamén en conta as circunstancias políticas, económicas, sociais e culturais do momento. Partindo desta idea, imos facer un pequeno achegamento inicial á literatura galega a través do tempo, tendo en conta as seguintes grandes etapas históricas:

A Idade Media (Séculos XIII, XIV e XV)

Os Séculos Escuros (Séculos XVI, XVII, XVIII)
O Rexurdimento (Século XIX)
O Século XX: Preguerra (ata o ano 1936), **posguerra e ditadura** (de 1936 a 1975), **etapa actual** (de 1975 á actualidade)

2.

No século I antes de Cristo comeza a romanización da Península Ibérica e con ela a implantación do latín que era a lingua dos conquistadores.
Xa no século VIII foi probablemente cando o latín se fragmentou de forma definitiva e apareceron as diversas linguas romances peninsulares: Catalán, Aragonés, Castelán, Leonés, e galego-portugués. A lingua galego-portuguesa comeza a súa andaina coas demais linguas romances peninsulares.
Desta primeira época non hai restos posto que a lingua escrita seguía sendo o latín, aínda que nestes textos aparecían ás veces palabras romanceadas. A cantiga máis antiga que temos tal vez sexa unha canción crítica de Joam Soares de Paiva ou ben outra atribuída a Pai Soares de Taveirós (1189)
Os primeiros escritos en galego que se conservan e que teñen carácter literario datan do século XIII.

3.

Trobador	Compositor de Cántigas que ás veces interpretaba el mesmo, xeralmente eran de condición nobre e aparecen citados nos cancioneiros polo nome e apelidos. Como por exemplo Paio Gómez Chariño ou Xoán García de Guillade.

4.

Teremos que agardar até finais do século XII para que a nova lingua romance, o galego-portugués, sexa empregada para a transmisión escrita en substitución do latín. Mais, unha vez dado este paso, asistiremos á súa época máis esplendorosa durante os séculos XIII e XIV, unha verdadeira Idade de Ouro que mesmo a produción literaria actual non foi quen de superar.
O primeiro xénero cultivado foi a lírica profana, despois chegaría o cultivo da relixiosa.
Á hora de analizarmos esta produción lírica cómpre ter en conta que se trata dunha obra feita para ser cantada e interpretada diante dun público, de aí o seu paralelismo. Dentro da lírica profana diferenciamos tres grandes xéneros: cantiga de amor, cantiga de amigo e cantiga de escarnio e maldicir.

5.

Segrel	Son escudeiros ou membros da baixa nobreza, que se dedican a interpretar composicións propias. A diferenza dos trobadores, como profesionais que son, cobran unha paga pola súa interpretación. Entre eles salientaremos a Pero da Ponte.
Menestrel	Son músicos profesionais que interpretan a música das cantigas. Non se coñece o nome de ningún deles.

6.

As cantigas constan dun número indeterminado de **cobras** ou estrofas, que na nosa lírica normalmente son tres ou catro, cada unha composta por un número variable de versos, chamados **palavras**.
No que á métrica se refire, a lírica medieval caracterízase porque o cómputo silábico chega só ata a última sílaba tónica do verso.
En canto á rima, pode ser macho (dáse cando a última palabra do verso é aguda) ou femia (dáse cando a última palabra do verso é grave).
Do mesmo xeito, a rima pode ser consonante (é máis común nas cantigas de amor) ou asonante (é máis común nas cantigas de amigo).

7.

Cantiga de Amor:
Rima macho.– dáse cando a última palabra do verso é aguda.
Rima femia.– dáse cando a última palabra do verso é grave.
Rima consonante.– é máis común nas cantigas de amor.
Cantigas de mestría.– Como o seu nome indica, son as consideradas máis perfectas por respectaren o modelo provenzal. Carecen de refrán.
Cantigas de refrán.– Consideradas máis imperfectas, nelas aparece un retrouso ou **refrán** ao final de cada cobra. Este refrán pode estar constituído por un ou varios versos.
Cobras unisonantes.– Son aquelas que teñen a mesma combinación rimática en toda a composición. Considéranse as máis perfectas.
Cobras singulares.– Cada cobra posúe unha combinación rimática diferente.
Cobras duplas.– Cada dúas cobras teñen unha combinación rimática diferente.
Cobras alternas.– As cobras pares teñen unha combinación rimática e as impares teñen outra diferente.
Dobre.– Consiste na repetición dunha palabra ou dun grupo de palabras en lugares simétricos dentro da mesma estrofa.
Mordobre.– É unha variante do dobre, consiste na repetición simétrica dun mesmo lexema con variacións morfemáticas.

8.

Louvanza da dama.- O eloxio da dama segue dúas direccións:
- A beleza física da senhor: normalmente é unha cualificación estética abstracta e indeterminada (fremosa senhor, bom parecer...)
- A beleza moral da senhor: en moitas ocasións unida ás calidades físicas da dama (ben falar, siso, creto, mesura, dozura...)
A coita de amor: a coita de amor fai morrer ó pobre namorado; a nosa cantiga impresiona polo que ten de triste e de fatal, a norma era cantar un amor infeliz, non compartido.